

NOVO PACTO DE SELECCIÓN TEMPORAL



O día **25 de maio de 2026** publícase no DOG o novo Pacto de Selección Temporal do SERGAS

IMPORTANTE: COMO SE VAI APLICAR?

- Aínda que o pacto establece a súa entrada en vigor aos 20 días da publicación no DOG, a súa aplicación efectiva non será inmediata.
- Actualmente existen listas de contratación vixentes e outras en trámite, correspondentes aos cortes realizados no ano 2025 e pendentes aínda de publicación provisional e definitiva.
- Estas listas seguirán rexéndose polos pactos anteriores de 2016 e 2018, polo que o novo pacto non se aplicará ata a publicación das novas xeracións de listas.

CANDO SE APLICARÁ O NOVO PACTO?

Nas categorías/especialidades sanitarias con requisito de especialidade:

Aplicarase nas listas xeradas coa data de corte do **30 de xuño de 2026**.



DATA DE CORTE

30

DE XUÑO

DE 2026

No resto das categorías:

Aplicarase nas listas xeradas coa data de corte do **31 de outubro de 2026**



DATA DE CORTE

31

DE OUTUBRO

DE 2026

- A aplicación efectiva producirase de maneira progresiva conforme se vaian publicando as novas listas definitivas elaboradas cos criterios do novo pacto.
- Ata ese momento, os chamamentos continuarán realizándose coas listaxes e normas de xestión actuais.

OUTRAS CUESTIÓN S IMPORTANTES



O novo sistema telemático xeral de chamamentos iniciará o seu funcionamento de maneira progresiva no prazo de dous anos.



O pacto terá vixencia ata o **31 de decembro de 2030**, prorrogándose automaticamente se non hai denuncia das partes.